



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL CON CARÁCTER TEMPORAL DE CATRO (4) OPERARIOS PARA O MANTEMENTO, LIMPEZA E VIXILANCIA PARA AS PISCINAS DE BAIÓ E ZAS.

Primeira.- Obxecto da convocatoria:

Constitúe o obxecto da presente convocatoria establecer as bases que terán que rexer, no proceso selectivo, para a provisión de CATRO (4) prazas de operarios de mantemento, limpeza e vixilancia das piscinas municipais durante dous meses: xullo e agosto, e posibilidade de ampliación ata o 15 de setembro en función da climatoloxía, condicionadas a existencia de crédito orzamentario.

Segunda.- Tipo e duración do contrato e funcións:

A modalidade contractual será o dun contrato laboral temporal por circunstancias da produción, a xornada completa, durante dous meses: xullo e agosto, e posibilidade de ampliación ata o 15 de setembro en función da climatoloxía.

O horario será o establecido polo coordinador do servizo, coa autorización do Alcalde- Presidente ou concelleiro delegado.

As funcións a realizar serán as seguintes:

- Coidar que o comportamento dos bañistas se axuste ao disposto na normativa vixente e ao regulamento da instalación, e polo debido cumprimento das medidas anticovid vixentes.
- Realizar o mantemento e control químico da auga.
- Manter limpa a piscina e a totalidade do recinto e das súas instalacións.
- Rexistrar as anotacións e o control oportuno nos libros rexistro.
- Cantas funcións relacionadas co seu posto de traballo lle sexan encomendadas pola Alcaldía ou Concellería Delegada.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes:

- a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión europea ou doutros Estados, nos termos previstos no artigo 57 do TREBEP.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. Deberá acreditarse mediante certificado ou informe médico que se presentará ó remate do proceso selectivo.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se atopar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

e) Estar en posesión do certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.

f).-Ter ingresado na conta ES73 2080 0083 9130 4000 2837 a nome do Concello de Zas a taxa por dereitos de exame por importe de **TRES (3) €** previsto na ordenanza municipal Reguladora da Taxa por tramitación de documentos administrativos publicada no Boletín Oficial da Provincia de nº 241 de 21/12/2011. En ningún caso o ingreso da citada contía suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. So procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por causas non imputables ó suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.

g).- Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da comunidade autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6.3º da Lei de normalización lingüística, deberase acreditar o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente(CELGA 2) caso contrario será necesario a realización dunha proba.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día de prazo de presentación das solicitudes e conservarse, cando menos, ata a data do nomeamento.

Cuarta.- Publicidade.

A convocatoria iniciando o proceso será obxecto de publicación en Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello <https://sede.concellodezas.org/opencms/es/informacion>.

As bases e todas as demais resolucións que se produzan no expediente, serán publicadas a través da taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, <https://sede.concellodezas.org/opencms/es/informacion>.

Quinta- Presentación de instancias.

No prazo de catro días hábiles, a contar do seguinte do anuncio da convocatoria no BOP, os interesados en participar no proceso selectivo, dirixirán instancia a Alcaldía-Presidencia ou Concellería Delegada, de acordo ao modelo do **ANEXO I** destas bases.

Tales instancias presentaranse no Rexistro do Concello ou a través de calquera dos sistemas previstos no art.º 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se a solicitude non se presenta no rexistro do Concello de Zas (correos, outro rexistro) se deberá remitir ao fax do concello 981751142, ou ben por correo electrónico (correo@concellodezas.org), unha copia da solicitude (Anexo I), antes da data de expiración do prazo de presentación de solicitudes. No caso de que o concello non recibira a solicitude orixinal no prazo de dous días hábiles desde o remate do prazo de presentación de instancias, entenderase esta presentada fora de prazo.

Xunto coa instancia achegaranse os seguintes documentos:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

- Fotocopia do DNI ou resgardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir.
- Acreditación do regulado na base terceira letra e): Estar en posesión do certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.
- Xustificante de pago da taxa
- Informe de vida laboral, se é o caso.
- Fotocopia dos méritos alegados para a súa baremación na fase de concurso, se é o caso, segundo a orde de baremación establecida en cada un dos apartados da Base oitava indicando a puntuación que entende a persoa aspirante que lle corresponde consonte estas bases.

Os aspirantes con discapacidade poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e de medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para isto farán constar na súa solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas.

A adaptación non se outorgará de forma automática senón unicamente naqueles casos en que a discapacidade garde relación directa coa proba a realizar. Para a súa valoración o Tribunal poderá pedir a documentación acreditativa do grao de discapacidade e as solicitudes serán resoltas polo Alcalde ou Concelleiro Delegado.

Sexta.- Admisión de candidatos.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ou Concelleiro Delegado ditará resolución pola que se aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas que se fará pública no taboleiro da sede electrónica do Concello de Zas <https://sede.concellodezas.org/opencms/es/informacion/>. Dentro dos dous días hábiles seguintes aos desta publicación poderanse emendar as instancias presentadas para os efectos do artigo 71 da LRXP. De non existir persoas aspirantes excluídas, o Alcalde ou Concelleiro Delegado elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución. As reclamacións ou emendas, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional.

Sétima.- Tribunal de selección.

1.- O tribunal de valoración dos requisitos estará constituído polas persoas seguintes, todas con voto, agás o secretario que dará fe do/s acto/s:

Presidente:

Titular: D. Fidel Otero Pazos, monitor deportivo do Concello de Zas
Suplente: D. Constantino López Baña, administrativo do Concello de Zas

Secretario:

Titular: D^a Isabel Agra Pose, técnica local de emprego do Concello de Zas
Suplente: : D^a Beatriz Rodríguez Montes, auxiliar administrativa do Concello de Zas

Vogais:

Vogal 1: D^a Yolanda Vecino Tomé, educadora familiar do Concello de Zas
Suplente vogal 1: D^a Susana Otero Pazos, administrativa do Concello de Zas.
Vogal 2: Dona Angélica Pose Lema, Traballadora social do Concello de Zas
Suplente vogal 2: D. José Manuel González Castiñeira, peón do Concello de Zas.
Vogal 3: Dona M^a del Carmen Espasandín Lema, responsable do CIM de Zas
Suplente vogal 3: D. Andrés Modesto Alonso Rodríguez, policía local do



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Concello de Zas

- 2.- O tribunal non poderá reunirse sen a asistencia, como mínimo, de tres dos seus membros (titulares ou suplentes).
- 3.- De tódalas reunións que faga o tribunal levantarase acta sucinta polo secretario do mesmo.
- 4.- A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.
- 5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.
- 6.- O Alcalde ou Concelleiro Delegado, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que acordará a contratación.

Oitava.-Fase de Concurso- oposición

1. Fase de concurso (máximo 4 puntos)

A) Formación profesional.—Só se valorarán os cursos de formación que versen sobre materias directamente relacionadas coas **funcións propias** do posto de traballo ao que se aspira, sempre que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública, un Centro Oficial de Formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua, e segundo o establecido no seguinte baremo:

- a) Por cada curso con duración igual ou superior a 300 horas lectivas: 0,4 puntos.
- b) Por cada curso con duración igual ou superior a 150 horas lectivas: 0,3 puntos.
- c) Por cada curso con duración igual ou superior a 50 horas lectivas: 0,2 puntos.
- d) Por cada curso con duración igual ou superior a 20 horas lectivas: 0,1 puntos.

A puntuación máxima por este apartado non poderá superar dous (**2**) puntos.

Os cursos que veñan cuantificados por créditos deberán especificar as horas que correspondan a cada crédito. No seu defecto, o Tribunal cuantificará en 10 horas cada crédito. Non se valorarán neste apartado os cursos sobre coñecemento de idioma galego.

B) Experiencia profesional.—:

- 0,25 puntos por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a ao servizo da Administración local en funcións desempeñadas nun posto de traballo de categoría e funcións idénticas as da praza convocada.

- 0,20 puntos por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a ao servizo de calquera outra Administración territorial ou institucional en funcións desempeñadas nun posto de traballo de categoría e funcións idénticas as da praza convocada. A mesma porcentaxe utilizarase cando a prestación de servizos se realizase en sociedades públicas ou fundacións de capital maioritariamente público, xa dependan da Administración central, xa da autonómica ou local. Aplicaranse, polo demais, as equiparacións previstas no parágrafo primeiro.

- 0,15 puntos por cada mes traballado, na empresa privada en funcións desempeñadas nun posto de traballo de categoría e funcións idénticas as da praza



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

convocada. Aplicaranse, polo demais, as equiparacións previstas no parágrafo primeiro.

-0.10 puntos por mes traballado en postos de similar categoría e funcións na Administración pública.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional ós prestados a xornada completa. No caso de que a redución de xornada se produza debido os supostos de conciliación de vida familiar e laboral recollidos na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e no Estatuto dos traballadores o tempo traballado a tempo parcial computarase como se fose a xornada completa, a documentación xustificativa desta circunstancia deberá presentarse no momento de presentar a instancia.

A puntuación máxima por experiencia profesional non poderá superar os **dous (2) puntos**.

Os méritos alegados polos aspirantes valoraranse do seguinte xeito:

-Os servizos prestados nas Administracións Públicas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, ou fotocopia da mesma, que acredite a relación laboral e ou funcional do/a aspirante.

-Os servizos prestados en empresas privadas, acreditaranse mediante presentación de copias dos contratos acreditativos da relación laboral do/a aspirante e, inexcusamente, o modelo oficial de vida laboral

En todo caso dos citados documentos deberá desprenderse as funcións e tarefas realizadas.

2. Fase de oposición (máximo 6 puntos)

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba escrita de 15 preguntas, das cales 5 serán preguntas curtas e 10 preguntas tipo test, nun tempo máximo de 40 minutos e que versará sobre as seguintes materias:

1- O municipio de Zas: xeografía, e cultura.

2-O Concello de Zas: Instalacións deportivas. As piscinas de Baio e Zas

3-Regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo.

Os aspirantes serán convocados provistos do seu DNI, en chamamento único e por orde alfabética do primeiro apelido. A non presentación a esta proba no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar, e quedará excluído do proceso selectivo.

Este exercicio será cualificado **cunha puntuación de 0 a 6 puntos**, sendo eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de 3 puntos.

Novena.- Cualificación e puntuación final.

A puntuación máxima da fase de concurso-oposición acadará un máximo de 10 puntos.

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia para o desempate á puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, e en segundo lugar ao apartado de formación. No caso de que siga persistindo o empate realizarase un sorteo.

No caso de non ter acreditado o coñecemento da lingua galega conforme o establecido na Base terceira o interesado deberá superar unha proba de



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

coñecemento do idioma galego. A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, e consistirá nun exame tipo test de 10 preguntas, sendo necesario contestar correctamente a 5 preguntas. Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Os non aptos serán excluídos do proceso selectivo.

Décima - Resultado da selección.

O tribunal non poderá propoñer para o posto de traballo un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados establecerase unha lista de substitución para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válida para a presente convocatoria. Neste caso, para realizar os chamamentos efectuarase polos servizos administrativos municipais unha chamada telefónica a primeira hora do día. Se non se atopa ao interesado/a no momento do chamamento, efectuarase unha nova chamada no mesmo día en horario diferente ao chamamento realizado anteriormente. De non atoparse novamente ao interesado/a, procederase ao chamamento da seguinte persoa do listado de substitución, e así sucesivamente. As persoas que figuren neste lista de substitución teñen a obriga de manter actualizado o seu número de teléfono.

O tribunal publicará no taboleiro da sede electrónica municipal <https://sede.concellodezas.org/opencms/es/informacion/> a relación de puntuacións outorgadas e elevará a Alcaldía ou Concellería Delegada proposta das persoas candidatas para a formalización do correspondente contrato laboral.

Décimo primeira. Presentación de documentación e formalización de contrato.

No prazo de 2 días hábiles a contar desde a publicación do resultado da selección a persoa seleccionada deberá xustificar que reúne os requisitos esixidos na convocatoria presentando os documentos que acrediten que cumpre todos e cada un dos establecidos na cláusula 3ª das presentes bases:

1. Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
2. Certificado ou ben Informe médico sen prexuízo de posterior recoñecemento.

De no se presentar o interesado ou non aportar a documentación antes sinalada procederase a cubrir a praza co seguinte candidato de maior puntuación.

Cumpridos os requisitos sinalados, a Alcaldía ou Concellería Delegada procederá a formalizar o correspondente contrato coa persoa seleccionada.

No momento de formalización do contrato o interesado aportará:

1. Fotocopia da cartilla da S.S.
2. Certificado de nº de conta bancaria (IBAN)

Décimo segunda - Normas de aplicación.

O procedemento regularase polo previsto nas presentes bases e o non previsto nelas polo establecido nas seguintes disposicións:

-Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP)



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

- Texto Refundido da Lei do estatuto básico dos traballadores.(RDL 2/2015)
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.
 - Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
 - Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
 - Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia
 - RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración do Estado.
- Tanto a convocatoria como as bases e demais actos administrativos que se deriven poderán ser impugnados nos casos e nas formas previstos na Lei de procedemento administrativo común das AAPP:
- Recurso de reposición potestativo no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña da Resolución de Alcaldía ou Concellería Delegada aprobando as bases e a convocatoria.
 - Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña da Resolución de Alcaldía ou Concellería Delegada aprobando as bases e a convocatoria; ou si se interpón recurso de reposición no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANEXO I: MODELO INSTANCIA OPERARIO MANTEMENTO, LIMPEZA DE PISCINAS

NOME E APELIDOS:.....
.....**DNI**.....

ENDEREZO.....
C.P......

MUNICIPIO.....
.....**TELÉFONO**.....

EMAIL.....**DATA**
NACEMENTO:.....

EXPÓN:

1. Que enterado/a da convocatoria realizada polo Concello de Zas para cubrir, mediante concurso- oposición, catro prazas de operarios de mantemento, limpeza e vixilancia de piscinas de Baio e Zas, cunha xornada de 20 horas semanais.

2. Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declara coñecer.

3. Que xunta coa presente instancia a seguinte documentación, (**marcar o que corresponda**):

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da titulación esixida
- Fotocopia do Celga 2 ou título equivalente.
- Informe de vida laboral, se é o caso
- Fotocopia de contratos de traballo ou certificados de empresa, se é o caso.
- Fotocopia dos correspondentes títulos ou diplomas de formación, se é o caso
- Xustificante de pago da taxa

En base ao exposto, SOLICITA:

Que se teña por presentada esta solicitude xunto cos documentos que se acompañan e ser admitido/a á realización das probas selectivas convocadas.

Así mesmo, AUTORIZA:

-A que lle sexan comunicadas as actuacións do expediente ao número de teléfono arriba indicado.

- O tratamento dos meus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación, a súa exposición no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación.

O tribunal resérvase o dereito a solicitar orixinal ou copia cotexada da documentación presentada.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Zas, _____ de _____ de _____

Sinatura:

SR. ALCALDE-PTA OU CONCELLEIRO DELEGADO DO CONCELLO DE ZAS

En Zas,

O concelleiro delegado en funcións

Asdo: Oscar Lema Romero